

A Xanela

Revista cultural das Mariñas

A Xanela

Revista cultural das Mariñas

Nº 25

PRIMAVERA

2008



XOSÉ MARÍA ALVAREZ BLÁZQUEZ
RETRATO DE XOSÉ SESTO. 1949.

COLABORACIÓNS

Marta Dacosta, Lois Diéguez, Paulo Martínez Lema, Gabriela Rodríguez, Geni, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Carlos Quiroga, Daniel Salgado, Wislawa Szymborska, Víctor Tizón, Fernando de Castro Branco, Henrique Monteiro, Fernando Botto Semedo, João de Castro Nunes, Manuel Dans, Clodio González Pérez, Xosé M^a Veiga Ferreira, Juan Sobrino Ceballos, Antón Fafián Porto, Moncho do Orzán, Xosé Lois Sobrino e Baraxeiro.

TEXTOS

Xosé María Álvarez Blázquez, Urbano Lugrís, Emilio Álvarez Blázquez

DESEÑOS

Víctor Tizón, Sabela Arias, Luis Otero, Sesto, Urbano Lugrís

FOTOGRAFÍAS

Veiga, Baraxeiro, Arxiu Mas e Arquivo Eira Vella

COORDENA

Suso Torres

MAQUETA

Equipo Xerri

IMPRIME

Lugami, Artes Gráficas. Betanzos

D.L.

C - 1696 /96

ACTIVIDADES DA A.C. EIRA VELLA

Exposición Oliveira Guerra

Do 15 ao 30 do pasado mes de xaneiro, Eira Vella levou a cabo uns actos de homenaxe ao escritor portugués **Manuel Oliveira Guerra** (1905-1964), grande amigo da Galiza e propulsor do Círculo de Estudos Galaico-Portugueses e da revista "Céltica". Os actos de homenaxe consistiron nunha mostra sobre a súa figura e obra, organizada pola biblioteca de Vila Nova de Gaia, e unha charla a cargo de Xesús Torres e de Fernando Díaz-Castroverde.

Conferencia sobre Álvarez Blázquez

O pasado 15 de maio, Eira Vella organizou unha conferencia para conmemorar do Día das Letras Galegas dedicado este ano a Xosé María Álvarez Blázquez. Impartiuna **Clodio González Pérez**, amigo e colaborador da Xanela, versando sobre a vida e obra do escritor homenaxeado.

Agradecementos:

A todos os **anunciantes** (locais comerciais, empresas e entidades) que fan posible a saída dun novo número de A Xanela, pola súa fidelidade e colaboración.

Adeus a Montezuma

O pasado 6 de marzo faleceu en Lisboa o amigo e colaborador da Xanela Joaquim Montezuma de Carvalho aos 79 anos.

Montezuma de Carvalho era unha persoa dunha ampla cultura humanística, un hispanista e iberista, cunha ampla obra espallada na prensa e promotor de moitas iniciativas culturais e editoriais levadas a cabo por el, recuperando textos e publicacións esquecidas.


Foi un bo amigo da Galiza e coñecedor entusiasta da súa cultura, tendo colaborado na Xanela (números 2, 8 e 18) e no Anuario Brigantino, así como noutras publicacións galegas.

Intercambios:

A Xanela intercámbiase con outras publicacións culturais de calquer ámbito. Para solicitar intercambio, dirixirse ao noso enderezo:

A.C. Eira Vella
Praza do Mestre José Dapena
Antigas Escolas do Asilo, Baixo.
15300. Betanzos

Víctor Tizón



Catro poemas do libro inédito *Cinza* (2004)

Marta Dacosta

(introdución necesaria)

Debeu ser xa antes no ano 2003 que decidín escribir un libro de poemas que na realidade fose un álbum fotográfico familiar trasladado ao verso. Así naceu *Cinza*, un libro que rematei de escribir no ano 2004 e que desde entón fun dando a coñecer en recitais e en publicacións diversas. Hai anos xa que o libro está entregado para a súa edición, mesmo se corríxiron as súas probas hai anos tamén, mais non o temos fisicamente nas mans. Hoxe entrégovos unha nova escolma, no meu intento de darlle corpo a través das publicacións colectivas. As datas e os lugares (do concello de Vigo –explicarei que “A Ribeira” é o nome con que os habitantes dese barrio coñecemos o que se chama “O Berbés”-) fan referencia ás persoas retratadas en cada poema.

(Matamá, 1947)

Hai que ter valor
para andar atrás das denociñas
apañalas coas dúas mans
e metelas no peto do mandilón.
E as cobras tamén,
nenos terríbel que nunca se asusta.
Metido a cirurxián,
pescudas nos pitos o sistema dixestivo,
coses con esmero o seu peito
para pór a andar
os teus pequenos Franksteins con ás.
Podes con todo, destemido,
irreverente, rebelde ... testán.
E nada pode contigo,
nin a fame,
que hai leña no monte e froita
nos pexegueiros,
aínda que haxa que espirse
para que os cans non ladren.

(A Ribeira, 1953)

Corre sobre as zocas de tres paos
repenicando a pedra da Laxe
a neniña que arrebola carbón
mentres a banda enche a Praza de festa.
Sobe a voz das peixeiras da Ribeira,
o seu canto de sereas desde a Praza dos Ratos,
e o arrecendo das patelas
inzadas de azuis lingotes de prata.
Chámaa a avó,
a muller pequena que pode co mundo,
a fada das ilusións feitas rosca de Reis
enriba do chineiro que amobla unha casa enteira.
Eu coma ti,
avanzo feliz nos cabalos da festa,
pegasos que nos dá a memoria
para voar cos soños.

(1971)

A tarde esquecía a cor do sol
mentres miña nai facía equilíbrios nos tallos
buscando o límite á súa altura.
O pano ía veloz á esquerda e á dereita,
pasaba unha e outra vez sen deterse,
sen cansar, sen alentar,
competindo consigo mesmo nunha carreira libre.
A radio acompañaba e instruía
desde a dolor allea:
Querida amiga ...
A Señora Francis debía estar perfectamente peiteada,
loura, mais discreta, tras dos lentes de cuncha negra,
no seu impecábel traxe gris perla.
A memoria é caprichosa,
sabe exactamente como era a luz da cociña
e os tiradores das portas,
lembra a voz dunha muller postiza
que aplacaba as sublevacións domésticas
e xustificaba a resignación.
A postura da nena
que mira aos azulexos brancos fascinada,
mentres se volven máis brancos e brillantes.
Señora Francis,
agora que o penso,
a memoria non gardou as súas sabias instrucións,
nada quedou das recomendacións
para a perfecta ama de casa,
só a voz, masculina,
dun tempo de pobreza.
Ao día seguinte o callo de sangue adornaba a fonte
coa súa cor escura e unha forma improbábel,
forma de cunca e burbulla
que non podía nin tocar.

Aquel ano,
miña nai sacrificou lentamente o galiñeiro
e meu pai chegaba na noite clandestina,
cos zapatos perdidos na carreira cega,
o tío tirábase desde o sexto colgado dun palangre,
era o medo gris,
o medo gris,
gris como a lousa en que o xiz branco
gravou nos meus ollos para sempre,
inexplicabelmente,
unha data de 1972.

(1972)

Miña nai ía diante co coitelo disposto
eu seguíaa entre hipnotizada e medrosa
para agarrar as patas lixadas do bicho
mentres ela o apertaba con forza
e retorcía o seu pescozo.
Exactamente sempre así,
e un golpe veloz sobre a alma retorcida,
a presión exacta
e o sangue caía en fervenza violenta
para estrelarse no fondo da cunca branca.
Aínda tiña calor aquel corpo morto,
aínda quería mover as patas inservíbeis.
Un mazo de plumas decapitado,
afogado en auga candente.

As cereixas

Lois Diéguez

Os solpores de Alepo son máis rápidos e carminados que os de Compostela. Despois de poñerse o sol levan-nos aos viaxeiros ao zoco: unha sinfonía de luces, de xente e colorido; unha nube de homes e mozos a ofrecer os seus produtos. No mercado da froita recibemos unha maré de recendos e, con máis intensidade, o do xasmín. Achego-me deica o posto de onde vén o perfume. Trae-me doces lembranzas do David. El poñía-me as flores no embigo como se fosen pérolas. Despois, bicaba-me as virillas e ia baixando. Mais a púrpura das cereixas rouba-me os ollos. Forman semicilindros paralelos rematados en cabezas redondeadas. Das cabezas agroman como ríos debuxados con pétalas de xasmín. Os homes enchen o posto observando as variadas figuras formadas coas distintas froitas e, devecidos, proban as cereixas. Busco o criador destes cadros suxestivos. Está a observar-me cos seus ollos de améndoa, negros e cun sorriso aberto nos lábios grosos e húmidos. Ofrece-me unha cereixa grande e brillante. Ten a pel escura, o tendeiro, e peitos firmes e deliñados asomando pola abertura dun chaleco de brillantes cores vermelladas. Músculos tensos, ferreños, e mans de dedos longos e delgados. Busco as formas avultadas no seu pantalón, mais fican agachadas pola froita. O zume da cereixa abre-me apetitos, e a visión do tendeiro que atende agora a un home de cabelo anelado e cor escura, vestido cunha longa túnica branca. Os dous rin, coas olladas acendidas, calados. Sente os berros do guía a chamar para continuar a visita por Alepo. Cando o tendeiro me dá o paquete de cereixas tamén nos miramos lentamente. Tan só podo rozar coa miña man a del, e reteño-a uns segundos. O sangue concentrase-me.

Ao regreso, corro para o cuarto do hotel e sento ante a mesa de escritorio. Fronte a min, a parede cobre-se cun grande espello. Estendo as cereixas. Aspiro o recendo intenso do xasmín. Hai unha máis grande que as outras, de pel sedosa e tersa, dun vermello escuro, tépeda como se estivese ao sol. Unha fenda suavísima divide a súa forma de corazón e marca ao final, no centro mesmo da cabeza, un buratiño. Collo-a polo rabo e miro-a intensamente. Logo, ollando-me no espello vou-na levando á boca de vagar. Abro os labios e premo con eles a grande esfera vermellada. Acariño-a insistentemente cos dentes, para ver labios, dentes e cereixa facendo un plano só. O sangue vai-se-me indo para o centro mesmo do corpo. Despois chega a calor, brava. Suspiro. Lembro o tendeiro achegando-me a man co paquete das cereixas, os seus labios grosos. Marco un número no telefone. Cando sinto a voz suxestiva do David, mordo a cereixa. O seu zume anega-me a boca en xorros doces. O lóstrego que me percorre o corpo fai-me estremecer. Á fin vexo no espello o meu rostro distendido.

Xuño 2004




ILUSTRACIÓN: LUIS OTERO

Lunáticos

Amerizaxe no Mar da Tranquilidade,
traio as mans cheas de pecados terrenais,
os pés ingravidos, fêrveme a cabeza
e o corazón é un pote de queimada.

A luz, esquiva,
vai e ven,
en franxas horarias constantes
e faime invisible de cando en vez.

Perdidos na cara oculta
seguimos sendo os mesmos lunáticos de sempre,
por fortuna,
afortunadamente...

Gabriela Rodríguez

delirio

o meu avó falaba árbore

e estremeciase ao recitar
(lume mediante)
as túas múltiples trenzas

(toda palabra era inexacta, debo dicir)

eran os tempos do granito e o pan
padal fendido un sabor
agre
dormir á calor da porca recién parida

meu avó, conteiche que meu avó intuía a quentura das porcas?

e na chincaina heroica e luminosa avanzaba polos mil e un xaminorios
ciba a ciba por castelo loentía gondaísque ludrio e as enormes sabas
de liño
granito e pan anoitecían

mentres o río arrastraba laverças e carros e chairas enteiras
até a túa boca

e a casa botou raigame e tras a parede alentaba a serpe

o meu avó, dicía, falaba árbore

Paulo Martínez Lema

Costro¹

Xoán Carlos Domínguez Alberte

Dende o inicio era Mamá Carme quen lle daba as tomas de biberón. No seu colo cheo de calor faláballe aos poucos, entre pausa e golo, e ía enfiando para el as primeiras barazas de palabras daquel mundo novo.

—Estes ollos mouros teus son de chocolate, meu meniño. A color do noso sangue.

Ao tempo acomodáballe a postura e cofeáballe a tempa, ao que o cativo alampaba os ollos e abría ben a boca para rir.

—Cando o teu avó vén da Caniza da feira do quince trae sempre na alforxa varias libras del. Nos tempos de máis necesidade, na nosa casa, sempre houbo para rillar unha onza de compango. Velaí a tes, hai xa tanto tempo!, a túa nai, enguruñada nese banco, lambendo decote a pota de cocer.

Outro vinte de marzo, logo trinta anos despois de ela ter desaparecido, a neta tomou a remuda do seu alento.

Mágoa que agora xa non houbese o d'Os Remedios, que eran parentes, precisamente por parte da mamá. Ese si que sabía e que celmoso deixaba o padal.

—Agora son teus eses ollos, meniña. Teu pai sempre se gaba de desdicir aquilo de que “quen non chora non mama”, porque nunca lle puiden dar peito, ao ter que marchar de quince días para Hamburgo e deixalo cos avós.

Iso si era ter sorte. Poder zugar da teta materna, golosamente, e ir acorando coa fartura dos afectos. Sen sentir como o desarraigo fluíra en fontes de dor daquel peito de nai emigrante. A miseria, só era a miseria daquela ingloriosa época de fame e atraso a que fixera estiñar tanto cordón umbilical.

O xeito que sempre gobernaran os seus de suavizar a amargura era embarruntar os afagos de lingua materna de chocolate con grouchos no pan.



ILUSTRACIÓN: LUIS OTERO

¹ Aos fillos da emigración galega da época do ‘baby boom’ do pasado século. Por Concha e Vicenta, as miñas outras dúas nais. Para Minia, que soña ao solpor na súa ‘habitación de chocolate’ de Escudeiros.

Ventos

(Adicado a G. Harper por tantas cousiñas...)

O Nordés no que “el” marchou...
deixoume ó carón dela.

Eu era brisa que azoutaba,
galerna alporizada,
furacán asasino de min...

Desfarrapado, en coiros,
amosáronme cartón vermello
os beizos que xamáis biquei,
expropiaron o paraíso
no que non souben facer pé.

A Rosiña dos Ventos non viña de cara...
e as árbores dábanme mala sombra.

O Nordés e ela, miña parella de ases.
O Nordés, ventiño que leva e trae
amoriños e desamores.
Ela, labirinto con cincocentas saídas...
que non desexo atopar.
Ela, libro aberto de páxinas infinitas,
remansiño dun guerreiro canso de loitar.

Ela dame a beber os ventos.
E bebo tantiños, tantos meu corazón.
Tantos ventos.

Geni

[fragmento número (...)]

as profecías: en dirección
ao abismo (non falamos do poema,
falamos do abismo)
porque non existe a maxia,
apenas o eco do século,
as catapultas, unha imaxe do horizonte
que contradí a mirada. o escrito
nútrese da ferocidade ambiental
-castigos, herba húmida, o atroz
sistema de espellos, esqueletos- e
fabrica estados, desbota naturalismos,
excepcionalmente acepta o clima.
pero nada instiga, nada implica
sucidade e daquela nada impide
purezas. circula o veneno desta época
e nesta xeografía, tan rota como
imposta. hai na ruína
a construción da escapada.

Daniel Salgado

o teu Natércia

Natércia aguarda calma a um canto escondido da mesa de um café, pretexto que tu persegues a enfrentar os charcos, frio, chove, chove, chove, desesperas do clima atroz e do destino inesperado da vida que coloca o nevoeiro perpétuo entre os teus pasos e os olhos grandes dessa jovem que apesar de tudo te ama.

Natércia está-lhe nas maos e os anjos caídos e adejantes no vazio batem asas enquanto deslizas polos muros húmidos onde agrestes musgos crescem, furtivo de deveres e casado, cansado, mais do que esse músico infeliz à esquina do Obradoiro por baixo da arcada, que fuma, fuma, fuma, os turistas acabaram com o Ano Santo mas ele nom parece preocupado, o vento ali nom fere e vai tocar um bocado antes de voltar sozinho a casa, livre.

Natércia talvez ensinou a jovem a erguer escadas em noites sossegadas à vida das bem-casadas, ela também, vais tu pensando, e se nesse encontro o teu andar poderá evitar o grito grato no primeiro instante de vê-la, porque apesar do nevoeiro perpétuo em volta que tudo ofusca e oculta e frustra, tu já estás a vê-la em coração e cabeça, tu vê-la, vê-la, vê-la, perpetuamente, porque apesar de tudo nunca deixarás de amá-la.

E chegas, como sempre depois dela que levanta do jornal a vista e derretes, torpemente olá, atropelas um beijo casto, essas breves conversas plenas como tantas vezes de livros, pegas no da tua Natércia devida e ela, ela é mais hábil em pegar-te subtil as maos por baixo da mesa, ela iria fazer sexo mais ousada contigo e conta, canta, lamenta e ri-se toda. Tu ris com ela e tremes bobo, calas, no ponto morto de nom haver qualquer saída fácil que nom lacere, calas cinzento a estratégia que nem existe em Natércia.

Rende a hora e passa mas acaba por ser impossível nom voltar cada um à sua casa afastada. Outro beijo casto que se prolonga perigosamente como num amor antigo, o vosso amor que a outros assim se ata é antigo, antigo, antigo, e quem suspeitar da luz, do amor, quem suspeitar de tanta sede guardada por dentro da amizade que informe, que diga à autoridade ou guarde na algibeira como tu a Natércia.

Deslizas mal de novo aos muros húmidos talvez das pupilas da chuva e sentes-te triste, triste, triste, tam liberto em pedra debruçado à varanda dum dia de tantos sem sol nem céu azul, sem árvores nem perfume de terra, como se fosse dia de amigos mortos nos retratos, e talvez dessa vidência te venha o valor pequeno e a beleza de vir contar, matar o calar aqui e compartilhar o teu livro da Natércia.

Carlos Quiroga

(inérito para Natércia Freire, a incluir num volume de homenagem)

Carlos Quiroga

no entardecer frio de Abril
o odor forte da erva cortada
sobe à cabeça como um vinho

nas agulhas da catedral
flameja um fraco candeeiro aceso
que consome a última cera negra

e tu nom estás despida mas
no teu dorso cálido sob a roupa
branca a mao adivinha-te os seios

e o noso riso louco louco louco
e o último ar arrouxeando as caras
bebe-nos em gotas pressentidas dos corpos

mmm

Oxalá pudesse ser sempre olímpico. E ter segredos do tamanho de um planeta como agora tenho. Oxalá fosse capaz de tomar as armas como só é possível no terceiro mundo. Matar por comida, bebida, matar por amor. Oxalá nom fosse tam carente neste embrulho de supercivilizado que visto. Amansando os instintos. Acatando estratégias. Tolerando os direitos dos outros. Tanta democracia. Tanta tristeza. Oxalá o sexo fosse o pam e o riso a moeda. Oxalá o sol brilhasse sempre como brilha nos desertos. E me queimasse a pele e me bronzeasse os sentidos. Oxalá fosse um animal. Magnífico ou nom. Oxalá pudesse ser sempre olímpico.




ILUSTRACIÓN:
LUIS OTERO

Kot w pustym mieszkaniu

Umrzeć - tego nie robi się kotu.
Bo co ma począć kot
w pustym mieszkaniu.
Wdrapywać się na ściany.
Ocierać między meblami.
Nic niby tu nie zmienione,
a jednak pozamieniane.
Niby nie przesunięte,
a jednak porozsuwane.
I wieczorami lampa już nie świeci.
Słychać kroki na schodach,
ale to nie te.
Ręka, co kładzie rybę na talerzyk,
także nie ta, co kładła.
Coś się tu nie zaczyna
w swojej zwykłej porze.
Coś się tu nie odbywa
jak powinno.
Ktoś tutaj był i był,
a potem nagle zniknął
i uporczywie go nie ma.
Do wszystkich szaf się zajrzało.
Przez półki przebiegło.
Wcisnęło się pod dywan i sprawdziło.
Nawet złamało zakaz
i rozrzuciło papiery.
Co więcej jest do zrobienia.
Spać i czekać.
Niech no on tylko wróci,
niech no się pokaże.
Już on się dowie,
że tak z kotem nie można.
Będzie się szło w jego stronę
jakby się wcale nie chciało,
pomalutku,
na bardzo obrażonych łapach.
I żadnych skoków pisków na początek.

Wisława Szymborska, *Miłość szczęśliwa i inne wiersze*,
Cracovia (2007).

Un gato nun piso baleiro

Morrer – isto non se lle fai a un gato.
Porque, que ten que facer un gato
nun piso baleiro.
Tregar polas paredes.
Rozarse entre os mobles.
Non parece aquí nada cambiado,
e porén demudado.
Non parece nada trasladado,
e porén decorrido.
E polas tardes a lámpada xa non alumea.

Escóitanse pasos nas escaleiras,
mais isto non son estes.
A man que pon o peixe no prato,
non é esta que o poñía.

Algo aquí non comeza
no seu habitual momento.
Algo aquí non ten lugar
como debería.
Alguén aquí estivo e estivo,
pero despois de súpeto desapareceu
e teimudamente el non está.

En todos os armarios se botou unha ollada.
Polos andeis pasouse.
Introduciuse na alfombra e comprobouse.
Mesmo se rompeu a prohibición
e espaxéronse os papeis.
Que máis hai para facer.
Dormir e agardar.

Que el tan só volva,
que eu o vexa.
Agora el decátase
de que así co gato non se pode.
Irase cara ao seu rumbo
como se non quixese de ningún modo,
de vagariño,
enriba das moi ofendidas patas.
E ningún salto nin chíno no comezo.

Wisława Szymborska
(Premio Nobel de Literatura 1996)
Tradución de Lucía Caeiro



OS CIENTÍFICOS INFORMAN QUE O ABASTECIMENTO DE AUGA DESALGADA DOS MARES MEDIANTE PRANTAS POTABILIZADORAS DEIXOU DE SER EFECTIVO POR MOR DA CONTAMINACIÓN SEVERA DOS OCEANOS. MENTRAS, CONTINUAN AS SUAS INVESTIGACIÓNS PARA TRATAR DE FABRICAR AUGA ARTIFICIAL.



COINCIDEN EN QUE A MATERIA VIVA QUEDOU PRIVADA DO SEU PRINCIPAL NUTRINTE, A AUGA, E OS SEUS SISTEMAS DE DEFENSA FORON INCAPACES DE ADAPTARSE A UN PERÍODO DE SEQUÍA TAN LONGO. DE AÍ A DESAPARICIÓN DOS ECOSISTEMAS E CON ELAS, A EXTINCIÓN DA FLORA E DA FAUNA.



CONTINUAN OS DISTURBIOS E OS SUICIDIOS COLECTIVOS NAS PRINCIPAIS CIDADES DO PLANETA. AS FORZAS DE SEGURIDADE E AS ASISTENCIAS SANITARIAS ESTÁN TOTALMENTE DESBORDADAS. MENTRAS, OS GOBERNOS FAN UNHA CHAMADA A CALMA.



EN ATENAS E SEÚL, SEGUNDO INFORMAN OS NOSOS CORRESPONSÁIS, A XENTE COMEZA A MATARSE UNS OS OUTROS POR ACADAR AUGA POTABLE.



ESTAMOS NO TERCEIRO ANO DA "GRAN SEQUÍA", DENDE QUE NO 2045 DEIXARA DE CHOVER.

VÍCTOR TIZÓN

Ode Quase Feliz

Quase não se ouve a passagem das aves pelos campos do Outono. A terra, sôfrega de silêncio, embala prelúdios de borboletas. Há-de chover. Talvez amanhã. Os olhos adormecem no rasto das andorinhas. O seu voo cheira a terra e pouco sobressai do perfil das colinas. O verão é ainda uma ausência quente. Dói num ponto difuso da memória. O ritmo das nuvens constrói a sinfonia de silêncio onde nos esquecemos. Jamais a tristeza nos foi tão leve. Dissolve-se numa alegria íntima. Ficaremos aqui, vigiando o tempo. O céu é vasto.

Nunca poderemos atravessar o coração.

Fernando de Castro Branco

Poema

No interior dos anos
Nascem todas as flores,
Todo o amor. E a doçura
Do teu rosto faz surgir
Uma primavera perene,
Cheia de branco.

Fernando Botto Semedo

Sob pedra

Não nascia neve
Nem crescia frio
Nenhuma estrela
Era diferente

Distante
O azul de
Um assobio
Povoou a
Solidão

Havia gente

Henrique Monteiro




ILUSTRACIÓN: SABELA ARIAS

Tríptico de sonetos em homenagem a Joaquim de Montezuma de Carvalho

João de Castro Nunes

In memoriam

Foi-se hoje embora um grande Amigo meu:
é com a mais profunda dor que espalho
a notícia brutal de que morreu
o Dr. Montezuma de Carvalho.

Senhor de uma vastíssima cultura,
que partilhava com os seus leitores,
era a mais excelente criatura
e o mais sentimental dos escritores.

Como seu Pai, em prol da Liberdade,
bateu-se desde a sua mocidade
pela franca expressão do pensamento.

Honrou sua Família, amou a Deus
e num estilo forte e virulento
reverberou tiranos e ateus!

Coimbra, 6 de Março de 2008.



MONTEZUMA NOS ANOS
MOZOS RETRATADO POR ZÉ,
COMPANHEIRO DE ESTUDOS.

Mensageiro da universalidade

Contrariamente aos nossos escritores
que de um modo geral são incapazes
de ver, por falta ou escassez de bases,
para além do país e arredores,

o Dr. Montezuma de Carvalho
pela sua cultura universal
e seu constante e pertinaz trabalho
tinha de tudo uma visão geral.

Nos mais diversos meios literários
quer do país ou quer de lá de fora
um tremendo vazio reina agora.

Os seus ensaios, doutos comentários,
abriam-nos os olhos para o mundo
que mentalmente conhecia a fundo!

Sedutor da palavra

Pelo repairo amigo que me deu
na fase mais atroz da minha vida
desejo-lhe, com alma agradecida,
um bom lugar junto de Deus no céu.

Bem o merece, independentemente
do seu carácter recto e generoso,
pela afeição que tinha a toda a gente
com quem mantinha trato primoroso.

Não me conformo com a perspectiva
de nunca mais, daqui para diante,
fruir da sua prosa fascinante.

Terei de contentar-me com reler
os seus "ensaios", sempre que puder,
"a jeito" de emoção retrospectiva!

Os Dans, un clan das Mariñas

Manuel B. Dans

Do mesmo xeito que Balai é un apelido exclusivo de Bergantiños, Mouzo de Camariñas e Laxe ou Aneiros de Ferrolterra, Dans vén sendo o propio para a Terra das Mariñas. Este feito xustifica a publicación do presente artigo nun medio coa sé ubicada no ámbito xeográfico mariñán, converténdoo en interesante non só para os 760 galegos que o levan, senón para a Historia e a Lingüística, disciplinas que se nutren coa información contida nestes remotos legados transmitidos polos nosos devanceiros que son os apelidos. Doutra banda, a circunstancia de que o enriba asinante tamén o leve explica un tratamento cun interés que doutro xeito dificilmente tería lugar.

“Dans” chama a atención porque posúe unha curiosa sonoridade que, sen deixar de ser eufónica, componse de tres consonantes por unha soa vogal, nun monosílabo que semella afastarse da xenealoxía latina ou latinizada, ademais do xeito que temos nesta parte do país de formar os plurais das palabras cabeiras en –n (mas por mans, cidadás por cidadáns...) A súa singularidade é evidente, xa que non o atoparemos en ningún libro de heráldica, nin tan se quera nas obras galegas especializadas, incluída a Gran Enciclopedia

Galega, onde si aparecerá, en troques, unha reseña biográfica de quen se converteu na bandeirante deste apelido, a pintora María Antonia Dans.

Unha parroquia desaparecida

Como antropónimo non existe en Portugal, país co que os galegos compartimos moitos máis apelidos que no resto do Estado español, onde o resultado tamén é negativo, e das catro provincias galegas só se rexistra con certa entidade na da Coruña, concentrándose porcentualmente nos concellos de Abegondo (0´57%), Bergondo (0´40%) e Sada (0´35%). Se o procuramos como topónimo acharemos outro deserto documental, pero coa diferenza de que este areal si posúe un par de oasis: un é un documento de 1.218 onde se enumeran as parroquias que pasan a ser, por orde real, xurisdicción do mosteiro de Bergondo: Moruxo, Dans, Ouces...; o outro, un párrafo de E. Carré Aldao para a obra “Xeografía do Reino de Galicia” (1.922), onde nos explica que “...No concello de Bergondo houbo en tempos pasados a freguesía de Dans, hoxe desaparecida e incluída na de Bergondo. Non hai lugar que recorde esta



TRIPLE ÁBSIDE NO CONVENTO DE BERGONDO

denominación, conservándose unicamente o apelido Dans, que trae a súa orixe daquel término...”.

Dinamarca ou “País de Dans”

Na Idade Media era común no noso reino poñerlle aos nenos, entre outros, nomes como Danila ou Damundo. Segundo recolle o “Diccionario dos Nomes Galegos” Danila está formado pola raíz DANS, co significado de “danés” e máis o subfixo afectuoso –ILA, dos que resulta “danesiña”, namentres que Damundo (DANS + MUND), quer dicir “valedor danés”. Curiosamente, nesta mesma época, o arquipiélago de Dinamarca era coñecido co nome de País de Dans, famoso polos seus viks (esteiros), de onde tomarían o nome de vikingos os daneses (tamén chamados “dannes” ou “dansk”) que durante os séc. IX, X e XI da nosa era se dedicaron a saquear e colonizar boa parte das costas europeas. Así naceu a cidade de Danzig (pronunciada “Dansig”), na actual Polonia, os innúmeros Danby que existen en Inglaterra co significado de “granxa danesa” e probablemente os topónimos franceses de Dansville, Danville ou Dannes. Tampouco Sada se librou dun asalto nórdico no séc. X que se saldou co seu saqueo e incendio, aínda que outro intento posterior, datado en 968, rematou coa derrota dos vikingos a mans das tropas galegas do conde Gonzalo Sánchez.

O que calan os arquivos?

A pesar do suxerido, a teoría máis aceptada entre os estudosos da xenealoxía é a que vencella “Dans” coa parroquia cambresa de Ans: Cando nos rexistros antigos se escribía o nome dunha persoa adoitábase engadir a súa procedencia; por exemplo, María de Pazos, Pedro de Rois... Se o seu lugar de orixe comezaba por vogal podía obrarse co tempo a seguinte deformación: “Xosé de Eive > d’Eive = Xosé Deive”, que no caso de Dans sería “Antón de Ans > d’Ans = Antón Dans”. Que no Arquivo do Reino de Galicia e no Histórico Universitario de Compostela non apareza ninguén citado directamente como “de Dans” é unha das circunstancias que avalan por agora esta hipótese, a pesar de presentar algunhas lagoas como, por exemplo, que aínda exista Ans como antropónimo. Ademais, xente co Dans bergondés como apelido tivo que habela á forza, apareza ou non rexistrada, xa que o topónimo existiu, e cómpre recordar que a súa incidencia en Bergondo é dun 0’40% fronte ao sospeitosamente cativo 0’06% de Cambre. Doutra banda, os Dans, vivan onde vivan, adoitan remitir a procedencia dos seus avós e bisavós ás parroquias de Bergondo, como o caso dun coñecido deste autor cuxo avó se apelidaba, nada menos, Dans Bergondo, combinación que se non é cientificamente determinante é alomenos intuitivamente reveladora.



A RÍA DE BETANZOS Á ALTURA DE BERGONDO

FOTOS: BARAXEIRO



Xosé María Álvarez Blázquez

“¡Había tanto que facer!”

Poeta, novelista, historiador, arqueólogo, erudito, editor...

A súa obra constitúe unha extraordinaria achega ao desenvolvemento da nosa cultura ao longo da segunda metade do século XX, polas publicacións propias e por fundar e dirixir Edicións Monterrey e Edicións Castrelos.

Humilde, afábel, traballador, disposto sempre a axudar en todo canto el consideraba bo para Galiza: *o centro xeométrico do meu horizonte*.
(Clodio González Pérez: “Xosé María Álvarez Blázquez. 1915-1985.”)

CRONOLOXÍA

1915. Nace en Tui o día 4 de febreiro, terceiro de seis fillos varóns do médico Darío Álvarez Limeses e da cubana María Blázquez Ballester.

1931. Comeza os estudos de Maxisterio en Pontevedra.

1932. Publica *Abril*, o seu primeiro libro de poemas.

Funda en Pontevedra, canda o poeta Xoán Vidal Martínez, a revista literaria *Cristal* que durará ata o ano seguinte.

1933. Ingresna na Federación de Mocidades do Partido Galeguista.

1934. Remata os estudos de Maxisterio.

Pronuncia en Pontevedra o discurso *Berro en lembranza dos herois de Carral*, co gallo do 88 aniversario dos fusilamentos de Carral, que será publicado ese mesmo ano pola Federación de Mocidades do P.G.

1935. Obtén o seu primeiro destino como mestre na Guarda. Ao ano seguinte é destinado ás Olivas (Tui).

1936. Ingresna no Partido Galeguista. O seu pai é encarcerado e fusilado o 30 de outubro polas forzas fascistas.

1937. En decembro é sancionado polo goberno de Franco con suspensión de emprego e soldo, e desterrado á escola de Coreses (Zamora).

1941. Volta a Galicia o 31 de xaneiro, tras pedir a excedencia voluntaria no Maxisterio. Instálase en Vigo.

1945. Empeza a traballar como secretario da Confraría de Pescadores “San Francisco” de Vigo.

A súa novela *En el pueblo hay caras nuevas* queda finalista do 1º Premio Nadal.

1946. Casa o 10 de decembro con Mª Luisa Cáccamo Frieben, filla de italiano e austríaca. Terán seis fillos, varios deles tamén escritores.

1948. Funda, con Luis Viñas Cortego-so, a librería anticuaria “Monterrey”, que se manterá ata 1979.

1949. É nomeado Correspondente da Academia Galega e Comisario de Excavacións Arqueolóxicas de Vigo.

1949. Publica, conxuntamente co seu irmán Emilio, *Poemas de ti e de min*.

1950. Funda, tamén con Viñas Cortegoso, a Editorial Monterrey.

Publica o poemario *Roseira do teu mencer* dedicado á súa filla Colorín.

1952. Publica a novela *Una cabaña en el cielo* e *Escolma da poesía medieval I*.

Dirixe escavacións arqueolóxicas no Castro de Vigo. Ao ano seguinte supervisa a catalogación do importante achádego nunhas obras da rúa Pontevedra de 29 estelas funerarias romanas e unha ara que se instalan no museo de Castrelos.

1954. Obtén o premio “Pondal” do Centro Galego de Bos Aires polo seu poemario *Canle segredo* que só será publicado en 1976.

Publica o *Romance do pescador peleriño*.

1955. Acada o premio “Pérez Galdós” de novela con *Crece las*

aguas e publica outra, *Las estatuas no hablan*.

1958. Obtén o premio de biografía da Asociación da Prensa de Vigo co seu traballo *Martín Códax, cantor del mar de Vigo*.

1959. Publica *Escolma da poesía galega II*.

1960. Obtén varios premios literarios: o de novela no 1º Certamen Literario del Miño, en Lugo, o “Ramón Mourente” polo traballo *Datos para la biografía del poeta Añón*, e tres premios de poesía nos Jogos Florais Galego-Portugueses de Guimaraes. Publica *La ciudad y los días*.

1962. É elixido Numerario da Academia Galega, lendo o seu discurso de ingreso o 28 de novembro de 1964.

1963. Participa en congresos etnográficos en Portugal.

1964. Funda con seus irmáns Edicións Castrelos que lanzará dúas coleccións moi populares: O Moucho e Pombal.

1968. Comeza a traballar como Profesor de Formación Humanística no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro de Vigo.

1971. Publica na colección “O Moucho” *A pega rabilonga e outras historias de tesouros*.

1976. O 30 de decembro é nomeado Cronista Oficial de Vigo.

Datos extraídos da obra “Xosé María Álvarez Blázquez” escrita polo seu fillo Alfonso Álvarez Cáccamo. Ir Indo edicións.



XOSÉ MARÍA



Trova 24.

O merlo poeta

Da gorxa algareira
do merlo lanzal
fuxían as horas
collidas das mans

Coas suas muiñeiras
i-os seus alalás
a total-as merlas
iña nomorar.

Na ponla mais outa
do meu salgueiral
morreu o poeta:
no papo, nin gran!

R o m a n c e d o a f i a d o r

VEL-HAÍ ven o afiador
asubía que asubía.
Co seu carro de unha roda
é com'a vesta cinguida.
Trai unha caixa de ferros
i-unha pedra onde il afia,
unha pedra condanada
que vota raios e chispas.

—Veña pra acá, afiador:
afie a navalla miña.
Teño na festa da Virxe
de facer trinta feridas.

—Xá fican poucas navallas,
rapáz, pra desgracia miña:
roubás a Garda Cevil
aos mozos, nas romarías.

Xá rematou a tormenta
de trebós, raios e chispas.
A chola do afiador
foi a Terra onde cairan.

.....

—Afiador, peleriño
de corredoiras e vilas;
cando non ten que afiar,
qué fai?

—Afo cantigas.

.....

Vel-ahí vai o afiador,
asubía que asubía.
Co seu carro de unha roda
é com'a besta cinguida...

X O S É M . A L V A R E Z B L Á Z Q U E Z

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

Os importantes

¡Ouh, vós, os importantes, probes homes,
qué pouco tendes de gracir á vida!
A vida que vos deu tamañas cousas
e agora vos fai ir coma toupeiras
atoutiñando polo mundo cegos,
sin poder albiscar diante dos ollos
máis que os propios narices granuxentos.

¿Qué escoitades detráis da vosa voce
que vos xurde tremando do bandullo,
voce de caracola fedorenta,
voce de corvo morto? ¿Qué escoitades?

¡E ise sorriso, que non é sorriso
sinón fenda xiada en negra pedra!
¡Qué mágoa, ise sorriso estarricado,
baixo o que ás veces se aduviña un chisco
da dentamia postiza! ¡Ai, Deus, qué mágoa!


Porque eu ben sei que un día érades homes,
hombres de carne, coma nós, os outros,
os que xulgades vós cativos ratos
e andamos pola vida tan perenes.
Un día fúchedes tamén neniños
e agora estades funchos coma foles.

¿Qué foi de vós, en qué recanto escuro,
en qué reviravolta traicioeira
vos perderon as nais que vos pariron?
¡Para tanta miseria, máis valese
que se aforraran o delor de darvos!

¿Qué dirían agora dende a cova
as vosas nais, homiños importantes?
¡Elas, que vos donaron o seu sangue,
e xa nin sangue tendes polas veas!

Andade, meus homiños, ide apresa
pra que vos vexa o mundo, que nós imos
a rillar coma ratos ise anaco
de ceo azul que Deus dá cadaldía,
e logo a beber auga de miragres
na pucharca onde aboian as estrelas.
¡Andade, meus homiños importantes!

PÁXINA ANTERIOR
Á ESQUERDA: XOSÉ MARÍA AOS 21 ANOS.
Á DEREITA: CARICATURA DE XOSÉ MARÍA POR TURAS EN 1934.
ABAIXO: POEMA DE XOSÉ MARÍA NA REVISTA *CRISTAL*.
PONTEVEDRA, 1932



A cometa

Botar unha cometa
era guindar os soños
todos pola fiestra.

Era poñer a ialma
por enribas das ponlas
máis erqueitas da fraga.

Era andar cos miñatos
nun outo voo suspenso
sobor da paz dos campos.

Era ter —¡cousa meiga!—
o corazón atada
cun longo fio á terra.

Solpor

A Xoán Vidal, en lembranza da
súa visita ao meu lar de Coruxo.

Xa non é tempo de falar das rosas,
soños, amores, vida que pasan.
Agora chegan voces vaquerosas
e eu, nun besbello, lles respondo: Vou...

Nin verso airado nin aceda queixa.
¡De qué nos han valere, miña amiga!
Imos desengrellando esta madeira,
con lástima de nós e con fadiga.

Os fillos... Xa alá agarda a nosa prenda
- luz dos días abertos e loucidos -.
¡Os fillos! Santo e seña na contenda,
eles dadiante e nós atrás, feridos.

Pousaremos os pes na branca areia
mentres o día no solpor devala.
Min ti ouces xa o balbordo da marea
niu teño en ansias de prender a fala.

Silandeiros os dous, de mans collidas,
imns devagariño pola praia,
de par e par os pasos, como as vidas...
A luz do sol, sobre do mar, esmaica.

Xosé M^o Álvarez

Coruxo, 29.VIII.82

"SOLPOR", UN DOS DERRADEIROS POEMAS ESCRITOS POR
XOSÉ M^o ÁLVAREZ BLÁZQUEZ. 1982.



EDICIONS CASTRELOS



A “Galería de Gallegos Ilustres” de Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez

Clodio González Pérez

Os dous irmáns nacen na cidade fronteiriza e episcopal de Tui, en 1915 e 1921, e tamén ambos falecen na mariñeira e industrial de Vigo, en 1985 e 1988, respectivamente. Podiamos dar aquí un resume biográfico, pero abundan os publicados ao longo dos últimos meses para coñecer, en particular, a vida e a obra senlleira de Xosé María.

Prefiro centrarme nun dos seus libros, quizais do que menos se ten falado, que, como outros varios publicados primeiro por Edicións Monterrei e logo por Edicións Castrelos, non consta o autor ou autores, aínda que neste caso sábese de seguro que foi el e tamén que contou coa colaboración de seu irmán Emilio. Segundo consta no colofón, saíu do prelo o 24 de novembro de 1956.

Os que nesta época xa iam á escola pública, lembrámonos dos poucos libros que había e o predominio das biografías de grandes persoeiros do réxime ou dos tempos “imperiais”: Isabel a Católica, Cisneros, Carlos V, Pizarro, Primo de Rivera, Franco,... (Neste intre véñenme ao maxín os de J. Serrano de Haro: *Santos españoles*, e L. Ortiz: *Glorias imperiales*). E xunto con eles a *Enciclopedia Álvarez*, cos seus tres graos, que empeza a saír en 1954 e non deixa de estar presente nas escolas ata 1966, calculándose que se formaron con ela preto de dez millóns de nenos e nenas españois, na que tamén abundan as biografías de santos, conquistadores, etc. Todas estas obras seguían as directrices ideolóxicas e metodolóxicas diktadas polo Ministerio de Educación Nacional, de enalzamento dos valores “españóis” (patria, relixión...), fronte aos considerados alleos ou “antiespañóis” (liberalismo, democracia...)

Ante tal situación, os irmáns Álvarez Blázquez tentan de contrarrestar a influencia negativa destas biografías, e a única forma posible era a dar a coñecer as de varios galegos e galegas que tivesen sobresaído nos eidos da literatura, historia, ciencia...

Galería de Gallegos Ilustres

Trátase, segundo se fai constar, da “primeira serie”, do que se tira que os autores tiñan pensado publicar máis, pero nunca chegarían a facelo. Cómpre advertir que o seu espallamento nas escolas foi mínimo, só naqueles casos en que mercaba o mestre o libro, pois a administración ignorou a súa existencia.

No limiar, moi meditado para non ter problemas coa censura e a posterior difusión da obra, Xosé María e Emilio expoñen os obxectivos que pretenden que, como homenaxe, traducimos ao galego, xa que daquela non o puideron facer na nosa lingua:

A evocación de figuras senlleiras, que abriron camiños de gloria á Patria, constitúe, ademais dunha homenaxe de gratitude debida á súa memoria, un medio eficaz de estimular vocacións e alimentar nobres empeños.

A presente Galería de Galegos Ilustres pretende cumprir ambos fins. Dunha banda, traerá ao noso recordo os nomes preclaros dunhas mulleres e uns homes do pasado, aos que a Providencia outorgou dotes excepcionais nas Artes, nas Ciencias, na Milicia, na Relixión, na Política. Doutra, suscitará, co claro exemplo das súas vidas, a ansia de superación

de quen, en calquera campo do saber humano, sentan o supremo mandato das grandes empresas, aínda cando estas teñan que limitarse ás tarefas da experimentación ou ao pechado couto do propio espírito.

Dende un recuncho de España queremos ofrecer este brillante exemplario de pretéritas glorias rexionais, movidos por un lexítimo afán de amosar, malia que sexa parcialmente, a fondura e o alto voo da contribución galega á cultura nacional.

Ao dar os esbozos biográficos dunha manda de galegos ilustres, ofrecemos tamén –por primeira vez nesta clase de obras– unha galería animada de gravados de época, veraces e expresivos, baixo



os que campá un testemuño trémulo, cargado de permanencia vital, cal é a sinatura do propio personaxe. A estampa literaria vigorízase así coa calor humana do biografado e a súa evocación resulta amenizada con algo tan íntimo e propio, que fai intuír a súa corporal presenza no libro.

Logo seguen 25 biografías, encabezas todas polo retrato e a sinatura do personaxe: José Varela de Montes, Emilia Pardo Bazán, Manuel Fernández Varela, Casto Méndez Núñez, Eduardo Chao Fernández, Isidoro Brocos Gómez, Martín Sarmiento, Teodosio Vesteiro Torres, José Arias Teijeiro, Alfredo Brañas, Juan Francisco de Castro, Marcial del Adalid, Manuel Curros Enríquez, Concepción Arenal, Benito Jerónimo Feijóo, Manuel Martínez Murguía, Rosalía Castro, José A. Cornide Saavedra, Nicomedes Pastor Díaz, Cándido Nocedal, Cesáreo Fernández Losada, José Rodríguez Carracido, Francisco Añón Paz, Juan M. Pintos Villar e Ramón M^a. del Valle Inclán.

Actualmente calquera destas biografías figura, por exemplo, nas dúas edicións da Gran Enciclopedia, tanto na versión castelá, como na recente galega, e tamén na *Enciclopedia Galega Universal*, pero cando os irmáns Álvarez Blázquez publican a obra non existía ningunha outra onde aparecesen xuntas, e de varios personaxes pódese afirmar que non se sabía nada. A única “enciclopedia” era o volume *Dos mil nombres gallegos* de Francisco Lanza Álvarez, editado en Bos Aires en 1953, descoñecido para inmensa maioría dos lectores galegos.

Malia que a *Galería de Gallegos Ilustres* non sexa unha das obras máis coñecidas de Xosé María, e que tamén estea en castelán, non por eso carece de interese pois, como mestre que foi dende 1935 ata 1942 (co lapso de varios anos no medio de suspensión de emprego e soldo) e que logo volvería ás aulas entre 1969 e 1983, sabía da importancia de espertar nos nenos e nas nenas a curiosidade por coñecer o noso pasado, aínda que neste caso se cinguise só a saber da existencia dalgúns devanceiros ilustres: escritores, políticos, relixiosos, científicos...



Rosalía Castro Murguía

ROSALÍA CASTRO nació en Santiago de Compostela el 24 de febrero de 1837 y murió en Padrón el 15 de julio de 1885. En el año 1891 sus restos fueron trasladados desde el humilde cementerio de la tierra padronesa, que ella amó tanto, al mausoleo que se le erigió en el templo compostelano de Santo Domingo, lugar hoy de emocionada peregrinación de cuantos comulgan en el fervor de las cosas gallegas. «Al abrir el ataúd—escribe uno de sus biógrafos—se encontró el cadáver apenas desfigurado y sobre el pecho un ramo de pensamientos ligeramente decolorados, cual si hubieran sido cortados recientemente». Todo—en su vida, en su poesía, en su muerte—tuvo un aire

41



Nicomedes Pastor Díaz

NICOMEDES PASTOR DÍAZ CORVELLE, nació en Vivero el 11 de septiembre de 1811 y falleció en Madrid el 22 de marzo de 1863. Fué la suya una vida truncada en plena madurez. Pero Pastor Díaz, como todos aquellos a quienes la muerte arrebatara a destiempo, se dió prisa para dejar honda y fecunda huella de su paso. Si la política no le hubiese embargado de tal modo, el hubiera podido adelantar en veinticinco o treinta años el renacimiento literario gallego. Su magna personalidad de lírico exquisito, su amor a la tierra, su inicial dedicación al cultivo del idioma materno, eran augurios ciertos de que el *Príncipe del Romanticismo* daría a la poesía gallega del pasado siglo el alto

45

ANAGRAMA DE EDICIÓN MONTERREY (DEBUXO DE URBANO LUGRÍS) E PÁXINAS DEDICADAS A ROSALÍA E PASTOR DÍAZ.

Santa María de Rodeiro

**Xosé María Veiga Ferreira
Juan Sobrino Ceballos**

A parroquia de Rodeiro está composta dos lugares de A Campiña, Casanova, Corte do Mato, Fonte, Igrexa, Graña, Faxó, Castelo, Brueiro e Barra.

Se por algo destaca esta parroquia é pola gran cantidade e calidade de monumentos megalíticos, que fai que sexa unha das máis ricas e de maior importancia de Galicia. Chegan a cerca de medio cento as medoñas, que se distribúen da seguinte maneira: 15 túmulos na zona do Monte do Gato, na zona de Mazarelas consérvanse 13, en Martín 10 (3 no Cerro Martín, 5 nas Medoñas e 2 en Martín), en Seixelle 5, Brueiro 2, Belén 1, Moruxeses 1 (medoña de Codeseiras).

No lugar consérvanse algunhas lendas e folclore con respecto a estes monumentos e tamén testemuñas sobre a súa destrución:

En Mazarelas *“nun medón de polo menos tres metros de alto apareceu un pote cheo de moedas de ouro cando estaban arando, e este veciño (indica a casa que está detrás da súa) púxose rico”* (Corte do Mato, 2003). Tamén Luís Monteagudo fai referencia a unha viga de ouro no lugar de Outeiro.

Na entrada de Moruxeses, que hoxe é un prado, contan que había catro ou cinco medoñas hoxe desaparecidas e que *“alí facían a guerra os mouros. Nesa zona cavou moita xente buscando o tesouro dos mouros. No Pereiral (ao lado da estrada onde está a capela de Belén e hoxe é prado) tamén había varias máis. Todas estas medoñas tiñan moita terra e chantos de pedra grandes”*.

Cerca da ermida de Belén había catro medoñas e actualmente quedan tres moi desfeitas, sobre a outra a mesma persoa que a destruíu dixo *“era pequena, tiña chantos e parecía unha casa pequeniña”*, preguntado porque a destruíra contestou que *“buscaba o pote de ouro que alí gardaban os mouros”*.

Nunha das medoñas conservadas en Brueiro pódense ver gravados de liñas e cazoletas, e segundo nos din *“destruíronse algunhas cando fixeron a parcelaria. A unha delas chamábanlle a Medoña do Lobo”*.

Como complemento a todos estes túmulos hai que resaltar a existencia dun petroglifo en Vilachá.

Contabilizamos a existencia de dous castros, un hoxe desfeito, que era o Castro de Pereirales en Belén, do que só se conservan parte das defensas da croa e do que a xente recorda atopar no lugar varios muíños de man e algunha cerámica. O outro castro –prospectado por E. Monteagudo– está en Moruxeses, no Monte do Castro, tamén coñecido o lugar como *a eira das casiñas*. Consérvase a croa duns 60 m. de diámetro, que antes da desfeita estaba circundada por dúas murallas co seu correspondente foso.

Sobre a romanización desta parroquia non hai ningunha dúbida despois da aparición no lugar de Mazarelas dunha estela funeraria romana. Apareceu nunha leira e quen a atopou vendeuna por mil pesetas a un señor de Ordes para decorar un bar que tiña en Basauri. Finalmente, despois da peripecia bilbaína, recalou no Museo Arqueolóxico da Coruña, onde hoxe está e é recoñecida como unha das pezas máis representativas da época romana en Galicia. Foi publicada, entre outros, por Luís Monteagudo no *Anuario Brigantino* de 1996.

Na estela aparece o defunto á que estaba dedicada a estela (Primiano) cunha figura moi esquemática dentro dun nicho con cinco estrelas e un roel cun punto. O cadrado do medio conforma catro triángulos con símbolos astrais. Na parte inferior aparece unha inscrición incompleta na que se lee:

D. M. S.	[Consagrado ós deuses]
PRIMIANO	[A Primiano]
UITALES AN	[fillo de Vitalis]
LXXU. TETULU	[de 75 anos. A lápida]
...	[fíxo a o seu fillo?...]]

Apareceron ao seu carón catro pedras traballadas que podían ser as bases dun templete funerario. Isto unido aos restos de muros que continuamente dificultaban o traballo nas leiras veciñas fainos pensar nun posible poboado tardo-romano. En todo caso indícanos que este era un lugar fortemente romanizado. Isto poido ser debido a súa proximidade á vía romana 20, *per loca maritima* (pola costa), que pasaba por Montesalgueiro.

Rosa M^a Franco que estudou as vías romanas na metade noroccidental de Galicia di que por aquí pasaba unha vía secundaria:

“En Curtis surge un camino natural de carácter secundario con respecto a la vía principal, entre los ríos Miñatos y Vexo afluentes de los ríos Mendo y Mandeo respectivamente, y en él se apoyaría la vía secundaria para ser trazada por Gorxa, Teixeira, Mazarelas, As Fervenzas, Santa M^a de Ois, Castrillón, Parada, Meixónfrio, S. Julián de Coirós, S. Salvador de Collantres, S. Vicente de Armeá y Betanzos”.

Para a época medieval está documentado (Elisa Ferreira) un camiño que pasaba por aquí: *“Siguiendo la vía principal cruza el río Mendo por el puente de Santiago de Reboredo, y va por Rodeiro (Año 1118: límites de la heredad de la iglesia de Santa M^a de Rodeiro “quomodo incipit per illum vallem de illa Tondeira et inde per illum carrales antiquam. AHN T. Sobrado I, 54 v.º) y por S. Lorenzo de Villarraso, donde estaba el puente de Ambas Mestas”.*

No século XVI esta parroquia pertencía ao coto de Fervenzas con señorío de Martín Sanches das Mariñas e posteriormente con señorío mixto dos Quiroga e do conde de Lemos. Nas divisións administrativas do s. XIX Rodeiro pasou a formar parte do concello do Enxertado en Oza, separándose de Fervenzas que pasou a formar parte do de Aranga.

O catastro de Ensenada de mediados do s. XVIII poñía os límites desta parroquia:

“Principiando por el Poniente con la Cruz da Campiña siguiendo al Molino de el lugar de Mundin y de este caminando a orillas del río de Fracela a la fuente vieja y al seijo pinto de este a la Lagoa Pequeña y de aquí por el Río do Porto Lage a la Pena do Rodeiro a la de la Gandara y al Penedo Pequeño y de allí al Porto Moeiro siguiendo a la Cruz de Campo Janeiro y de esta a la fuente Seixiñas y a la Fuente que llaman do Espiño cerrando con la primera demarcación”.

Polo mesmo documento de 1753 sabemos que había 11 muíños na parroquia, todos dunha roda, e tamén unha casa que servía de cárcere.

Actualmente hai dous cruceiros sinxelos nas súas



A CAPELA DE BELÉN NA PARROQUIA DE RODEIRO EN DÍA DE FESTA. FOTO VEIGA.

formas con gradas e sen figuras, un de aspecto máis moderno e estilizado ao lado da igrexa de Santa María de Rodeiro e outro na capela de Belén, no que o se curto capitel danos unha sensación de máis solidez. Este último foi cambiado do seu lugar orixinal para o adro da igrexa non hai moitos anos.

A igrexa de Rodeiro encadrada nun harmónico conxunto xunto coas casas, ten planta rectangular dunha soa nave e sancristía pegada polo sur e cuberta a dúas augas con espadana de dous ocros enriba da fachada.

A ermida de Nosa Señora de Belén construíuse no s. XIX. Aquí celebrábase unha boa romaría de merendas o terceiro domingo de setembro, pero ultimamente veu moito a menos. Aínda que teoricamente debía ser invocada a favor das xestacións, partos e pola saúde dos nenos pequenos como lle correspondería á Nosa Señora de Belén, a verdade é que os ferigreses din que era tradicional dar nove voltas arredor da capela e que era moi avogosa para a reuma.

Na romaría era costume poñer o santo, usándose para isto a San Cipriano, santo con moita sona de milagreiro na comarca. A imaxe procede da antiga ermida de San Ciprián en Corte do Mato (hoxe desaparecida) da que hai referencias a mediados do s. XIX como Pascual Madoz ou nos primeiros anos do s. XX en que é citada por Carré Aldao na Xeografía do Reino de Galicia. Seguramente formaría parte da granxa que dependía do mosteiro de Sobrado e que se situaba neste mesmo lugar.

Din de San Ciprián que era máis milagreiro que a Virxe, e contan que *“unha vez o lume ía cara ó lugar de Martín, entón colocaron o santo nos prados diante do lume é este apagouse. O San Ciprián quedou queimado por un lado, aínda hoxe pode ollarse así”.*

“O Santiño era bo para todo, pero máis para os animais. Na romaría traíanlle exvotos de cera, dábanlle limosnas, cartos, queixos, poñíanse velas e tamén traíanse as sedas (rabos de vacas e bestas). Despois puxábase todo, aínda recordo que Manoliño compraba as sedas pois con elas facíanse colchóns.

Normas do Hábitat

Antón Fafián Porto

Nos derradeiros tempos estábamos a vivir todos un descomunal crecemento inmobiliario en España. En Galicia, aínda que tardío, tamén se nota sobre todo a raíz do afundimento do Prestige que supuxo un escaparaté de zonas virxes sen “explotar” e sen urbanizar que non tardaron en encherse de formigón.

Esta bacanal de formigón, cartos, política e corrupción veu marcado o seu punto de inflexión, alomenos polo momento e con excepcións, co cambio de goberno autonómico. Establecéronse medidas de protección do litoral de xeito urxente a pesares da oposición dos ¡¡alcaldes!! e por suposto dos promotores e constructores...

Deste xeito tentouse poñer fin ao desgoberno anterior do todo vale, do construído en calquera lado sen xeito nen planificación. Unha política baseada nun “modelo que esgota o territorio e que ve a vivenda non coma un ben de uso senon para especular” segundo palabras da propia Conselleira de Vivenda Teresa Táboas e que fai que “a marea de cemento paradoxalmente fixo inaccesible para as novas xeracións ter unha vivenda no lugar onde naceron” en verbas do xornalista Xosé Manuel Pereiro, algo que anteriormente xa aconteceu na costa do resto de España e nas illas.

A pesares diso non pode sorprendernos que a aprobación en decembro do 2007 das novas normas de edificación por parte da Consellería de Vivenda estean atopando agora que entraron en vigor (17-IV-2008) tanta oposición por parte dos sectores interesados.

Unhas normas que benefician aos cidadáns ao mellorar a habitabilidade, a sustentabilidade e a calidade de vida da maior parte da poboación, normas que establecen o tamaño mínimo dos pisos en 40 metros, que anhean as portas das vivendas para facelas accesibles aos minusválidos, que melloran a orientación, iluminación natural e ventilación das casas e que atopan a oposición da Federación Galega de Municipios e Provincias, órgano representativo dos alcaldes que suponse que miran polos veciños e a súa calidade de vida pero que máis ben parece que son os portavoces de promotores e constructores que por suposto tamén se opoñen ao decreto afirmando que chega



DIVERSOS PROXECTOS E ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS EN CORRUBEDO, VALDOVIÑO, SADA E PORTONOVO.

en mal momento, polo da crise e porque poñer restriccións desta maneira e novas normas encarecerá aínda máis o prezo das vivendas...

A actual consellería puxo en marcha plans auténticos de rehabilitación dos cascos vellos nas vilas galegas, mercando casas que os promotores rexeitaban por ter que respetar normas restrictivas (de alturas, materiais,...) coma no caso de Lugo, Santiago...e que logo formarán parte da bolsa de aluguer da propia Xunta, dando axudas a outros propietarios para rehabilitar outras; estableceuse o 40 % de reserva nas cidades para vivenda protexida...

En serio, ¿estas normas son malas para a poboación ou malas para os intereses dalgún sector que todos coñecemos?

O xornalista Xosé Manuel Pereiro comentaba, ante as queixas dos alcaldes denunciando estas normas do Hábitat por invadir as competencias municipais en urbanismo, tres formas de colaboración con máis ou menos simbiose corrupta entre corporacións locais e constructores-promotores: uns por “omisión”, para non enfrontarse ao veciño que fai unha obra a sabendas de que é ilegal; outras por “acción semipasiva”, algún promotor chégalle a un alcalde cun proxecto de urbanización que traerá “progreso, modernidade e riqueza” ao municipio a cambio



de recalificacións de lugares teóricamente protexidos e o goberno local comprometéase a rachalos atrancos como sexa...todo polo ben do povo... e a terceira sería a “lealdade lexionaria” gastando cartos de todos os alcaldes en defender na xustiza os dereitos de constructores cando se anulan plans urbanísticos ou convenios por ilegalidades máis que manifestas.

Se sumamos a todo iso o que está a acontecer noutros concellos: actuacións xudiciais, sentencias de derribo, detencións de cargos por corrupción...xa poden defender a autonomía municipal os alcaldes, cando en todos estes anos son escasísimos os que fixeron cumprir as normativas ou leis que xa tiñan. ¡E reclaman autonomía municipal!

Ten razón a conselleira cando di que: “este é o momento de ordealo sector e que queden os profesionais, os comprometidos coa sociedade, os que aposten por mellorar a calidade de vida dos demais, ademáis do seu negocio lícito. E terán que irse axeitando aos porcentaxes de beneficio que teñen outros sectores produtivos...Irán desaparecendo os que só estaban aí para gañar cartos fácilmente.”

Ogallá.

ARRIBA: OBRA EN PONTEDEUME.
ESQUERDA: PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE 700 VIVENDAS NO PIÑEIRO EN MIÑO, PARALIZADO POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA



Urbano Lugrís

Neste ano cúmprese o centenario do nacemento do artista Urbano Lugrís, nado na Coruña en xaneiro de 1908, aínda que el sempre fantaseou coas datas. O seu pai foi o escritor Manuel Lugrís Freire, un dos conformadores do galeguismo a través da súa obra teatral, poética e narrativa, e do seu traballo xornalístico, de axitación política e institucional como presidente da Academia Galega.

Urbano Lugrís colleu os tempos duros e hostís da guerra civil e da postguerra franquista. Formado nunha familia culta, nos ideais do republicanismo e do galeguismo, a miseria material e cultural do franquismo non foi campo propicio para desenvolver todo o xenio que levaba dentro, que era moito. Con todo deixou unha obra pictórica e gráfica de calidade excelsa. Urbano morreu en Vigo a véspera de Noiteboa de 1973.

Co paso do tempo medra a importancia e valoración da súa obra artística. Unha obra na que un mundo mariño simbólico e onírico e os códices miniados medievais están tan presentes.


Aproveitamos esta homenaxe no centenario do seu nacemento para recuperar dúas obras "betanceiras" de Lugrís: a portada da revista Vida Gallega de agosto de 1955 (número dedicado a Betanzos) e un poema en galego, "Loubanza de Betanzos" publicado no mesmo número e unha das poucas mostras da súa obra poética en galego.

“Urbano Lugrís pintaba o mar dende dentro, de embaixo a enriba, como quen se enleva do escuro á luz, da morte á vida. Nista navegación interior topábase con cabaliños de mar, medusas, nacres, algas; retallos de velas de navegar, como rendas de néboa naufragada; botellas con mensaxes de soledá; papagaios de fanal; volvoretas voando, sin mollar a purpurina, polos intermedios da iagua; buxolas con o norte descaído, mapas de amor, cartas de navegar, espellos, pérolas, rosas, e, con toda ista fartura, pintaba unha táboa, grande ou pequeneira, que nacía clásica, noble, lírica, con o barniz xa cuarteado, como si sobre a pintura tivese pousado o mar, unha lámina finísima separada do resto do mar, polo gume da brisa, como quen pasa a luz por debaixo dun cristal. (...)

Lugrís, que era pintor, dibuxante, ilustrador, poeta, recitador, cómico, corpachudo e feo, firmaba poesía co nome de Ulises Fingal e nunca esqueceu, en pinturas e versos, de colocar unha áncora no remate da obra, seguramente por non deixar que o barco da vida poidera fuxir unha noite, mentres el paseaba a sua sombra de mascarón polas laxes da Ribeira do Berbés. (...)

Emilio Álvarez Blázquez

“Pintura de Urbano Lugrís”. *Nordés*, nº 9. 1982.




Lugrís 

LOV BANZA de BETANZOS

por URBANO LUGRÍS

C. da Real Academia Galega



Con ledo corazón e voz antiga,
—leda tamén, tal o brincar do
viño
nas armoniosas cuncas, tal o
canto
da laberca nos campos que o
Mandeo

amantemente, longamente bica,
entrumentras, xograr de craros ollos,
Narciso de si mesmo, vai trovando
un seu amor que morrerá nas ondas—
quero decir, loubar a fermosura
da verdecente, forte e degorante
terra dos meus abós: dos meus antergos
o agarimoso berce namorado...
¡Eiquí findase a terra, eiquí escomenza
o ceo! ¡Eiquí fontes, devesas, reiseñores,
gábante xentilmente decotío!
¡Eiquí a lua mais morna se desmaia
na sosegada noite con arumes
a rosas vellas e a rapazas novas!
¡Fontes da lua a sospirar silencio!
¡Rosas da lua a desfollar silencio!
¡Frautas da lua, violíns da lua,
cantan, da vouga noite, no silencio!

¡Betanzos dos lanzales fillosdalgos,
e das doncelas!, que nos Libros de Horas
conversan, a sorrir, por campos tenros
con margaridas, paseniñamente,
baixo os fondos cobaltos d-un diviño
xardín con lirios d-ouro estrelecido!
(Así, por istas veigas, tempos mortos,
amantes corazóns abandoaran
no río, verdes ramos, as sutís
razóns que inventa sempre Primavera.
¿Falan e soñan ô compás do bris
que abanea, con luz, as outas copas
dos pinos e das torres, e nas mansas,
irtas ondas do maino río gúbia,
con palabras de amor, versos andantes?)
¡Ou, Betanzos, Betanzos!... ¡Xardín vello,
vicioso xardín en que a botánica
saudosa e nobre dos antigos pazos
—magnóleos, roseiras, limoeiros,
e os camelios da choiva namorados—,
recende a outras edades cortésias
en que as i-almas —¡que melro na figueira!—
esculcaban na noite os misteriosos
camiños con luar, setestrelados!
Era tamén o tempo en que as espadas
conquerían cibdades e cantigas;

e do sangue ruin nascían frores,
cintas, pombas, anelos e suspiros.
Pol-a linfa do río mainamente
descían, ata o mar, engrimpolados
navíos, e o cantar dos mareantes
por xarcias e coureles repitía
de Amor tamén a querendosa música:
E ás sereas do río, que escoitaban,
un poderoso ancéio de hourizontes
chamábaos aos longos, altos mares...
mais axiña voltaban presurosos
á limpa cova que coroa o viño,
no ribazo con fiunchos e loureiros
en que escisman os graves pescadores.
Campanas e muiños brandamente
no dourado serán iban tecendo
con fios de cristal, unha cantiga
que a viola do río acompañaba
polas somas anfíbias da devesa,
por antr-as viñas de frescor calado...
E as sereas cantaban, e dician,
—"non podo te deixar, doce Mandeo".

¡Vinde comigo, amigos, a Betanzos
dos Cabaleiros! Vinde agora, amigos,
no bó tempo do vran, en que as bandeiras
do sol mais xogorales tremelecan
no grorioso azul; cando a grileira,
repinqueira gaita, nos Caneiros
puntea da muiñeira os brincadeiros
pasos, do verde souto na molime;
e das cestas tamañas, de albo vimbio,
que vela o liño aldeán, o quente e mesto
recendo da empanada campesiña
exerce suas barrocas venturanzas...
Brinca o viño nas cuncas con festeiro
son ritual, e a linfa rosa e pura
verte a bicuda xerra dende o alto,
fervenza de rubís escintilantes...
¡Inmorrente canzón do viño! ¡Limpa
voz da crara ribeira! ¡Voz da luz!
¡Que soles e luares, que paxaros
no souril corazón da uva! ¡Fonte
da danza, do amor, da poesía,
e dos máxicos ceos vagorosos
en que a ialma, esquencida de si mesma,
voa, de azas azús, na inmensidade!

Estrondan os foguetes, rínse as mozas;
e parece, no calmo ar, s-escoiten
batir os fortes pulos xenerosos
do baril corazón da nosa terra!

PUBLICADO EN VIDAGALLEGA, 2ª ÉPOCA, Nº 6, AGOSTO DE 1955.

Pontevedra, 31 de agosto de 1919

Moncho do Orzán

Tal que a fala, a música galega tivo Precusores, Rexurdimento e Irmandades. Os Precusores foron os músicos románticos do s.XIX como Veiga, Montes ou Chané, quen recompilaron, harmonizaron e compuxeron innumerábeis temas en clave de País. O Rexurdimento veu da man de Perfecto Feijoo e Aires d'a Terra, primeiro coro galego, que se atreveron a vestir o traxe do País e interpretar as melodías máis nosas cos instrumentos propios para elas: a gaita, o tamboril, o pandeiro... Por último, as Irmandades fórmanas os sucesivos coros que souberon dar forma á idea de Feijoo, chegando a aunar toda a cultura como nunca antes se tivera feito.

Un feito singular foi a homenaxe que os coros lle brindan a Feijoo en agradecemento a tan fecundo labor. Empregando como base o libro "Aires d'a Terra. La poesía musical de Galicia" do gran estudoso José Luis Calle, téntanse reproducir estes acontecementos. A partir desta homenaxe, institucionalizouse nas festas pontevedresas o chamado "día galego", hoxe xa perdido.

Ás doce da mañá fan os coros a súa entrada en Pontevedra. Os ánimos están levantados e o

tenente de alcalde Guiance saúdaos deste xeito: "Aquí tedes a vosa casa e en todo aquilo que sexa necesario estamos ao voso dispor como verdadeiros irmáns da terra galega. Viva Galicia! Viva Feijoo!".

Ás catro coristas e gaiteiros, ataviados co traxe do País, toman asento nos escaños da casa do concello. O homenaxeado preside o pleno. Falan o alcalde pontevedrés e o presidente de Toxos, ensalzando a obra de Feijoo e fanlle entrega do pergamiño no que o nomean presidente de honra. De seguido, Alfonso Fraga, corista de Cántigas da Terra, recita unha composición de Cabanillas feita expresamente para o acto e un grupo de rapazas coróano cunha lira de loureiro. Finalmente, Feijoo remata a súa intervención, conmovido, con estas verbas:

"Eu nada vallo, nin nada son, máis que un gaiteiro que ama de corazón as cousas da terra. Ante esta homenaxe que se me dispensa só sei dicir: grazas, moitas grazas, e teño que rematar convidándovos a que berredes comigo viva Galicia! Vivan os coros galegos!".

Todos en pé entoa o himno de Pondal.



PERFECTO FEIJÓO,
GAITEIRO E
ZANFONEIRO.
FOTOS ARXÍU MAS.



Ás seis comeza a festa na abarrotada praza de touros. Interveñen a banda municipal e os coros que homenaxean: Toxos e Froles (Ferrol), Cántigas e Aturuxos (Lugo), Agrupación Artística (Vigo), Cántigas da Terra (A Coruña), De Ruada (Ourense), Foliadas e Cántigas (Pontevedra) e Agarimos da Terra (Mondariz). Intercaladas con foliadas, pandeiradas e maneos sucédense as regueifas dalgúns coristas que aluden ao laureado:

*Hei cantar e cantar
mais que revente o peito
pois canto por festexar
ao querido don Perfeito!*

*Todas as sogras han d'ir
de cabeza pra o inferno,
menos aquelas que toquen
a gaita de don Perfeito!*

Rematado o festival, os coros voltan ao concello onde sirven uns pinchos. Alí, Uxío Labarta le un simpático poema que alude aos seus amigos do Lérez e Castelao cun fermoso discurso dá forma ao sentir colectivo. De seguido, Feijoo lévaos a todos á súa botica para cantar e bailar ao xeito. As rúas e prazas da Boa Vila son fervedoiro de música con tan soado acontecemento. A festa prolóngase ata ben entrada a noite.

Poema de Cabanillas

¡Nobre gaiteiro-poeta
que de milagreira traza
pendurache da palleta
a varil fidalga, inquieta
alma saudosa da Raza!

¡Avelliña cubizosa
que foches, rosiña a rosa,
por vales, montes e rías,
recollendo a mel sabrosa
das galegas canturías!

¡Esforzado cabaleiro
da ergueita, nova cruzada
que limpou de aire extranxeiro
a música de turreiro
da nosa Terra adourada!

¡Dispostos a coroarte
n-esta xornada de gloria,
-túa, da Patria e do Arte-,
xúntanse para cantarte
os cantos de vella historia:

O alalá do arrieiro
que, das chocas ô compás,
dende Lalín ô Ribeiro
baixa o camiño costeiro
canta que te cantarás.

A barulleira legría,
a luminosa labarada,
-luz e estrondo na campía-
das copras de retesía
y-as copras de foliada.

O cantar ledó e fungón
raposeiro e bailarín
co que prega un patacón

o ceguiño pedichón
que rasca no violín.

A copriña rexoubeira,
-frecha afiada e certaíra-
que ô son do pandeiro entona
a rapaza compañeira
do velliño da zanfona.

Aires celtas das triadas,
cantigas de andar camiño,
mariñáns espadeladas
e regueifas e alboradas
das terras á par do Miño...

Gaiteiriño benamado,
gala do chau encantado
que o Lérez bica y-esmalta
máis enxebre e máis sonado
que o gaiteiro de Penalta.

Eu soio teño un desexo
que o meu bo cariño encerra
deixándome o peito cheo:
Que Dios che pague no ceo
o que fixeche na terra.

O mundo nada lle pido;
nin por amor nin por lei
fora no rogo servido.
Dendes que me confirmei
teño este refrán sabido;

Os que do seu chan en medra
pasan suores e afáns,
en Pekín e en Pontevedra
señoritos e aldeáns
póñenlle diante unha pedra...
e máis asírranlle os cans.

Esplendor do fado con faciana feminina

Xosé Luis Sobrino

O xénero do fado está a experimentar nos últimos anos unha constante renovación que se plasma na aparición de novas voces e instrumentistas. Dentro desa renovación de nomes que tentan darlle pulo e sangue nova á música lusa son varias as mulleres que contribúen a unha nova corrente cargada de frescura, que lle dá novos aires a este xénero. Elas son a nova xeración de fadistas, a faciana feminina do fado.

Patrícia Rodrigues **“Ternura”** **Fado Antologia.**

Patrícia Rodrigues é unha das novas voces que está loitando por dar a coñecer o fado. Para iso ela contou co acerto de encontrar un repertorio axeitado á súa tesitura de voz. Gran parte do mesmo foi composto para artista, o que implicou unha adaptación ao seu estilo e á súa voz.

Patrícia Rodrigues conta cun só álbum no mercado co que está tentando ser unha das voces máis recoñecidas dentro do fado.

“Ternura” é o nome do seu primeiro álbum, un extraordinario debut de 11 temas onde a poesía recibe da voz de Patrícia Rodrigues un enorme tributo.

Os poetas cantados nesta obra son: David Mourão Ferreira, Natália Correia, Fernando Pessoa, José Carlos Ary dos Santos, Luiz Francisco Rebello, Nobrega e Sousa e Alexandre O’Neill.

Poesía e música confluen na voz de Patricia e nas historias cotiás e nostálgicas que nos transmite como no tema “Se estou só”, paradigma

da contradicción e como o ser humano ás veces non sabe que é o que está a buscar nin o que quere.

Letras que acompañadas dun auténtico pop enerxético, con guitarras ruxidoras e retrousos hoxe en día á hora de mercar música.



Ana Moura **“Para alem da saudade”** **Universal.**

Ana Moura presentou este álbum tras unha completa xira con viaxes e actuacións en distintos lugares como os Estados Unidos ou Holanda, países onde se encargou de facer de embaixadora do xénero musical por excelencia do seu país.

A cantante non escatimou recursos e incluíu 15 cortes neste novo traballo discográfico, no que se nota o interese por entrar no mercado americano cunha edición bilingüe portugués-inglés do libreto do cd.



Ana Moura ofrécenos algunhas sorpresas como o tema *E viemos nascidos do mar* que conta cun poema do cantautor portugués Fausto, ou Amélia Muge que lle ofreceu *O Fado da Procura*. Tamén é curiosa a selección que fixo dun poema de Fernando Pessoa en *Vaga, no Azul Amplo Solta*, canción que dá título ao disco.

Este último tema foi musicado polo español Patxi Andión, que o interpreta facendo un dueto en castelán con Ana.

Outras participacións salientables son a de Tim Ries, o saxofonista dos Rolling Stones, que compuxo a música de *Velho Anjo* e toca o saxofón no tema *A sós com a noite*, tema onde o saxofón dá un aire jazzístico a un tema que integra situacións actuais e da vida cotiá na súa letra. Precisamente foi Tim Ries quen convidou a Ana Moura, no 2006 para que participase no segundo volume de "The Rolling Stones Project". Daquela o músico convidou a algúns nomes salientables do panorama musical internacional para interpretar temas dos Stones.

En canto á produción, esta corre a cargo de Jorge Fernando que tamén é o autor/compositor dalgúns temas. Ana Moura grabou o álbum con Custódio Castelo na guitarra portuguesa, Jorge Fernando na viola e Filipe Larsen na viola-baixo.

En síntese temos un disco equilibrado, axeitado para embeberse de nostalgia acompañados polos ritmos que adorna unha das voces con máis futuro dentro do mundo do fado.



Raquel Tavares "Raquel Tavares" Movieplay.

Raquel Tavares, é una das máis novas representantes do fado e ven avalada por premios como o *Amália Rodrigues* á artista feminina revelación do 2006 ou o Trofeo Nova Voz do Fado de Radio Central FM. Tavares é unha artista precoz que naceu en Lisboa en 1985, comenzou a cantar con seis anos en reunións e pequenos restaurantes, lugares propicios da Alfama lisboeta e que tan só oito anos despois gañou a Gran Noite do Fado do Café Luso, onde aínda canta de xeito regular.

Tras isto Raquel tivo unha crise de adolescencia e deixou de cantar durante tres anos. Ata que unha vez superado, asinou un contrato con Movieplay aos 18 anos.

Dende entón a súa carreira foi en aumento. Nesta nova etapa musical Raquel Tavares progresou e madurou. Neste tempo actuou en cidades como París, Roma, Bolonia, ou Santiago de Compostela e todo ese traballo deu os seus froitos cun disco co que deleitarse e do que ela mesma di: "Sendo fado tradicional, non é purista como eu".

Na esencia do seu canto e na fondura mesma da súa propia voz aprecíanse ecos de grandes fadistas, o que non impediu que Raquel Tavares adquirise o seu propio estilo. Quizais a aportación que Raquel achega é a da contemporaneidade, sabendo levar con orixinalidade e frescura as raíces deste xénero aos novos tempos. Sentíndoo e transmitindo o matiz esencial dunha música popular, como quen fai o propio co tango, ou o blues cando canta temas como "Fado lisboeta" ou "Olhos garotos".

Outra das características que a identifican é a autenticidade e frescura no seu xeito de interpretar, como no tema "Quando acordas". Tavares é polo tanto a mostra de que o fado ten un futuro por diante; con 23 anos ofrécenos novas formas de entender e integrar o fado nos tempos que vivimos.



As novas que nos chegan

Baraxeiro

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ. 1915-1985, é a biografía deste “Poeta, novelista, investigador, divulgador, editor...” que nos presenta o estudoso **Clodio González Pérez** nun coitado volume da Editorial Toxosoutos da vila de Noia. Entre os numerosos traballos e estudos que viron a luz sobre o homenaxeado nas Letras Galegas deste ano, destaca este documentado e completo estudo que abrangue tódalas facetas do plural intelectual que foi Álvarez Blázquez.


POEMAS A ALDA recolle un monllo de poemas dedicados á moza Alda Naiara Estévez Goñi (desaparecida aos vinte e catro anos) polo seu propio pai, o historiador e profesor quirogués no País Vasco **Xosé Estévez**, acompañados por outros dos seus amigos, os vascos Koldo Izagirre, José Luis Otamendi, Xabier Lizardi, estes en euskera e traducidos ao galego, e da galega Olga Patiño. Conta ademais cun limiar de Adela Colera e José Luis Orella e abondosas ilustracións de Xosé Antonio Vilaboa, quen é tamén o autor da capa. Fermoso e saudoso recordo que un pai dorido ofrece ás amizades para curar ausencias incurábeis.

XISTRAL, *Revista Lucense de Creación Poética*, editada pola Concellería de Cultura e Turismo do Concello de Lugo e coordinada por Camilo Gómez Torres, sacou nesta primavera o seu número 10 que recolle composicións poéticas de corenta e oito autores, a meirande parte deles vencellados a Lugo e á súa provincia e que xa colaboraran en números anteriores da revista, conformando un núcleo case fixo de colaboradores.

ADRA. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego ven de sacar á rúa o seu número 3 que recolle once traballos diversos, entre os que destacaremos o do noso paisano Xesús Torres sobre *As “bodegas” do viño en Betanzos*, ou o de Dionisio Pereira sobre *Patrimonio marítimo galego: un diagnóstico actual*. Outros colaboradores son Luis Iglesias, Carme Crespo, Paula Lorenzo, Nieves Herreo, Duarte Fernández, Paulina Ceremuzynska, Secundino García Mera, Baldomero Iglesias, Xesús Ron, Manuel Pazos e Rosa Méndez.

MEMÓRIA ARÁVEL, recolle poemas breves de **Eduardo Olímpio**, autor de longa traxectoria (Alvalade do Sado, 1933) e presente en moitas antoloxías. Nesta obrinha, dedicada aos netos, está presente a realidade e o mundo alentejanos dende o sentido crítico e a ironía amarga: “Os pássaros voam,/ como as ideas./ Voa, meu Alentejo, voa/ mais alto, mais longe, mais além./ Voa!/ Que penas tens de sobra e céu também.” O libro xa foi publicado no ano 2000 pola Universitaria Editora e foi agora que o autor o fixo chegar ás nosas mans. Curiosamente, no interior o título que aparece é “Arável Memória”.

RIO SEM VIAGEM é un poemario de **Henrique Monteiro** que saiu en 2007 no prelo de artEscrita Editora e leva un prefácio do galego Xosé Lois García. Trinta son os poemas breves que o compoñen, sempre ao redor do amor poñendo de releve os elementos relacionados coas augas (mar, ría, azul, orvallo...). “De mim restas tu / e um rio sem viagem”.






DO ALTO DESTAS AMEIAS é un novo romance de **Idalécio Cação** que ven de ver a luz na Papiro editora do Porto. As ameias son as do castelo de Montemor-O-Velho, verdadeiro protagonista destas páxinas xunto coa memoria dos seus ilustres veciños Jorge de Montemor, Fernão Mendes Pinto, Diogo de Azambuja e Afonso Duarte. A través de trece capítulos encabezados con citas de destacados autores portugueses, brasileiros, franceses e españois, alén do Nobel colombiano, emerxe a presenza e ubicación deste castelo “plantado aquí no Monte Maior, e tão vetusto ou mais do que este país que nos viu nacer”.



O NOME DOS MORTOS seguido de **BIOGRAFIA DAS SOMBRAS**, é un volume poético de **Fernando de Castro Branco** (Miranda do Douro, 1959) editado por Atelier Produção Editorial. “Escrevo do que da morte fica, / cicatrizes de emoções, uma cinza / quente, canções dizimadas, / um murmúrio de tinta / a desenhar a dor noutros retratos.”

Do mesmo autor (colaborador d’A Xanela dende este número) é outro poemario anterior, **ALQUIMIA DAS CONSTELAÇÕES** que veu a luz na lisboeta Roma Editora a finais do 2005. Repartido en cinco apartados: o primeiro co mesmo título que dá nome ao libro, “Lugares do tempo”, “Voz Reminiscente”, “As máquinas poéticas” e “O Lado Azul da Tempestade”. Recolle poemas mesturados con algúns ensaios de prosa poética.



PAMPILHOSA Uma Terra e Um Povo, sacou o número 26 da revista en decembro de 2007 con capa da artista Lúcia Maia. Dedicada unha boa parte deste número á lembranza do escritor Fialho d’Almeida, quen dirixiu un tempo o Lazareto de Pampilhosa. Outros temas son o centenario do escritor Miguel Torga, Santo António, o construtor de hamónios Dias de Abreu, o construtor de flautas A. Beirão, ademais da lembranza de socios falecidos e o relatório de actividades. Edita o GEDEPA de Pampilhosa (Mealhada-Portugal).



POEMAS DE UM LIVRO RASGADO e **CHAMA DE ÁGUA** son as últimas entregas poéticas do noso colaborador **Fernando Botto Semedo**. O primeiro dedicado “A meus pais” e o segundo “Para o Avô Diogo, lembrando o seu amor por mim”. Neste último, aparecido en febreiro deste ano, Deus (do amor, da luz, das crianzas, do eterno retorno, do silencio...) é unha presenza constante: “o tudo e o nada”, “uma doença que não consigo fazer cessar”. Remata confensando: “Sou o poeta feliz, que desde sempre criança foi, / Em chama de água, em coração de vigília.”

ORFEU RESIGNADO é un poemario que **João de Castro Nunes** (colaborador d’A Xanela) dedica enteiraamente á súa esposa desaparecida Maria de Lourdes: “Como o Orfeu do mito doutras eras, / espalho aos ventos a desgraça minha.” Ao longo de 64 sonetos o autor repasa a súa vida xunto á compañeira desaparecida nun reconto cheo de saudade. Un amor que trascende a morte: “Enquanto eu existir, ó meu amor / existirás também, não morrerás; / enquanto eu respirar, tu viverás / dentro, de min, no meu interior.” A publicación, do autor, editouse en Arganil no pasado 2007.

Tienda multimarca

TROULA

Rosalía de Castro, 6 · Betanzos
Tel. 981 774 590
troula@terra.es



Lanzós
BAR · CAFÉ

Betanzos



B E T A N Z O S



SOPORTAIS DA FONTE DE UNTA, 10
B E T A N Z O S



ártabros

Enseñanza Técnica Superior

Rúa da Pescadería, 2
Tel. 981 77 26 72 · Fax 981 77 47 34
15300 BETANZOS (A Coruña)



Avda. de Castilla, 51-53 · Entresuelo A · 15300 Betanzos
Teléfono 981 773 279



LIBRERÍA PAPELERÍA

Rúa do Rollo, 32 · 15300 BETANZOS (A Coruña)
Tel. 981 772649 · E-mail: libreriadonin@mundo-r.com

**FERRETERÍA
ROQUE
MENAXE**

MATERIALELÉCTRICO


Distribuidor: CAMPING-GAS

COPIA DE CHAVES

CERRALLERÍA · FERRAXES

Avda. Xesús García Naveira, 36
Tel. 981 773253 · BETANZOS

EIRA VELLA



Asociación Cultural
BETANZOS

*Recuperando a memoria
Por unha cultura viva*

R/ Valdonce, 16
15300 BETANZOS
Teléfono 981 774798

**MARÍA LÓPEZ JUNQUERA
JORGE DÍAZ SÁNCHEZ**

clínica veterinaria
valdoncel



Ollos
GABINETE ÓPTICO

Rollo, 21
Betanzos
info@ollos.net
Tlfno. 981 775 194

dp

móvil
695 269 485
fax-tel.
981 77 45 19

Rúa Venezuela 11- 13 Ático eza
15300 BETANZOS (A Coruña)
oficina.doporto@coataac.com

X. Isidro
doporto
santos

**Arquitecto
Técnico**

Técnico Superior en PRL
Agente de la Propiedad Inmobiliaria



MUSEO DAS MARIÑAS
-Excmo. Concello de Betanzos-

Aberto tódolos días
de 10 a 13 e de 16 a 20 h.

NOVIDADES XERAIS



Manuel Veiga
O profesor de vegliota

O profesor de vegliota de Manuel Veiga é, en parte un relato policial, con ingredientes de novela de misterio e atmosfera de ciencia ficción, que se ofrece como un laio desesperado por unha perda. Unha novela impactante, talvez un ensaio sobre o futuro da lingua, sobre as posibilidades de sobrevivir sendo diferentes, sobre a identidade, sobre a resistencia e sobre as contradicións que supón esta loita.

XERAIS



xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

**PAPELERÍA
LIBRERÍA
REGALOS
IMPORTACIÓN**

ESTANCO

Valdoncel, 91
(Ponte Nova)
Tel. 981 770201
BETANZOS




Plaza Alfonso IX, 10
Teléfono 981 770952 · BETANZOS

**FERRETERÍA
José Luis
BUTANO**

Na mesma Porta da Vila
Plateiros, 1 · BETANZOS
Tels. 981 770410 - 981 772661



EIRA VELLA



Asociación Cultural
BETANZOS